

COMUNICACIÓN DE AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: COMUNICACIÓN DE RESPUESTA Á DOCUMENTACIÓN ADICIONAL PRESENTADA POLO PROMOTOR SOBRE O PARQUE EÓLICO OUTEIRO GRANDE (IN661 2011/1-4)

UBICACIÓN: CONCELLOS DE A ESTRADA E FORCAREI (PONTEVEDRA)

SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

PROMOTOR: AV OUTEIRO RUBIO S.L.U.

O obxecto desta comunicación é dar resposta ao oficio do 05 de setembro de 2022, do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, no que se remite, a este Organismo de Conca, a documentación adicional presentada polo promotor Av Outeiro Rubio S.L. o día 21/06/2022, en resposta aos informes emitidos por Augas de Galicia con data 10/06/2022 relativos ao parque eólico Outeiro Grande (IN661 2011/1-4).

A nova documentación achegada, **"Respuesta informe sectorial de Augas de Galicia al EsIA y a la Separata del Proyecto"**, asinada o 21 de xuño de 2022, e **Plano N°1**, con código **d_eol12p56**, de xuño de 2022, contempla as seguintes modificacións ao proxecto:

- Modificación da posición do aeroxerador OG-04, evitando a afección á zona de servidume do curso fluvial afectado, e cumprindo co requerimento de Augas de Galicia.
- O resto de elementos do parque eólico Outeiro Grande manteranse na mesma posición, indicándose as seguintes coordenadas dos aeroxeradores do parque:

AEROXERADOR	Posicións antigas		Posicións novas	
	Coordenada X	Coordenada Y	Coordenada X	Coordenada Y
OG-01	551.898,40	4.725.932,00	551.898,40	4.725.932,00
OG-02	550.617,16	4.725.408,52	550.617,16	4.725.408,52
OG-03	550.911,01	4.725.056,51	550.911,01	4.725.056,51
OG-04	551.028,92	4.724.127,07	550.988,31	4.724.142,64
OG-05	550.302,50	4.723.987,00	550.302,50	4.723.987,00

Vista a documentación de resposta ao informe emitido por Augas de Galicia ao Proxecto do Parque Eólico Outeiro Grande, do 10/06/2022, este Organismo de Conca mostra a súa **conformidade** coas modificacións presentadas polo promotor, sempre que se integren na documentación do Proxecto de Interese Autonómico, Estudo de Impacto Ambiental e Separata técnica do proxecto.

Santiago de Compostela – A xefa de área de autorizacións e concesións – María C. Beneyto González-Baylín (sinatura dixital)

Santiago de Compostela – subdirector xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – Roberto Arias Sánchez (sinatura dixital)